

Número:  
2020 / 001319  
Fecha: 10/09/2020 14:18

Id.Pl.: SE/decreto

**ASUNTO: Ampliación de dotación orzamentaria prevista nas BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR COMPLEMENTARIO CURSO 2020/2021**

Visto o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que no apartado q) atribúe o Alcalde-Presidente da Corporación o desenvolvemento da xestión económica dacordo co orzamento e dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 17 de xuño de 2019, pola que o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Monforte delega na Xunta de Goberno Local a competencia da aprobación de gastos e facturas e de propostas de gasto.

Visto o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que dispón "1. *Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente.*

*En los supuestos de delegación de competencias en órganos no dependientes jerárquicamente, el conocimiento de un asunto podrá ser avocado únicamente por el órgano delegante.*

*2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acuerdo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedimiento, si los hubiere, con anterioridad o simultáneamente a la resolución final que se dicte.*

*Contra el acuerdo de avocación no cabrá recurso, aunque podrá impugnarse en el que, en su caso, se interponga contra la resolución del procedimiento."*

Vista a proposta da concellería de servizos sociais seguinte:

**ASUNTO: BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR COMPLEMENTARIO CURSO 2020/2021**

As **BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR COMPLEMENTARIO CURSO 2020/2021**, publicadas no BOP de Lugo do 17/06/20 núm. 80, do 26 de abril, establece as bases reguladoras para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado no Concello de Monforte e escolarizado para o curso 2020/2021 en educación infantil (3-6 anos), educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial nalgún dos centros docentes públicos ou concertados existentes no municipio.

Na Base 7 . **APLICACIÓN ORZAMENTARIA** establécese: Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 18.000 € euros con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.02 do Orzamento xeral municipal para o ano 2020.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e examinados os expedientes, resulta que o importe total a conceder en axudas resulta superior ó importe consignado para a convocatoria no orzamento.

Dada a especial circunstancia que está a xerar a crise da COVID-19 e as repercusións que esta ten nas economías das familias, e que as axudas teñen como finalidade apoiar ás familias con menor renda per cápita do municipio que presenta dificultades económicas para afrontar o gasto que supón o obxecto da axuda.

É por todo o anterior que se **PROPÓN** ampliar o crédito da aplicación orzamentaria 231.480.02 ata o importe de 23.920,00 €

Posto que un dos principios da actuación do Concello é a eficacia administrativa, e neste caso preténdese axilizar os trámites de aprobación da concesión das axudas debido á data de comezo do curso escolar, ,

**RESOLVO:**





PRIMEIRO.- Avocar a competencia con carácter singular para Aprobar a ampliación de dotación orzamentaria prevista nas BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR COMPLEMENTARIO CURSO 2020/2021

SEGUNDO.- O incremento da dotación será de 5.920,00 €. Unha vez efectuado este incremento o importe da dotación orzamentaria das axudas ascende a 23.920,00 €. En todo caso, a concesión das axudas reguladas nas bases estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 10/09/2020  
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 10/09/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/09/2020 14:18:42

